

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REALIZAR A RESTAURACIÓN DE PARAMENTOS DA CAPELA DE SAN PEDRO, DO SEPULCRO RENACENTISTA DA CAPELA DE SAN BARTOLOMEU E DA BÓVEDA POLICROMADA DA CAPELA DO CRISTO DE BURGOS DA CATEDRAL DE SANTIAGO.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Don José López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, Don Francisco José Prieto Fernández, arcebispo de Santiago de Compostela, en representación da Arquidiocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da Arquidiocese.

Todas as partes teñen capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro: que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do “Convenio de Colaboración entre os bispos das Arquidioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos das súas competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e a conservación do patrimonio cultural de Galicia.



Cuarto: o inmoble no que se van realizar as actuacións é a catedral de Santiago de Compostela.

A catedral de Santiago de Compostela é un Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de Monumento, ao abeiro da Lei do 22 de agosto de 1896, á Disposición adicional primeira da Lei 16/85 do patrimonio histórico español e á Disposición adicional primeira da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Forma parte e constitúe un ben senlleiro doutros dous bens de interese cultural que están incluídos respectivamente na Lista do Patrimonio Mundial: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, que ten a categoría de BIC (Conxunto Histórico), e os Camiños de Santiago, Francés e Camiños do Norte, declarados Bens de Interese Cultural coa categoría de Territorio Histórico.

Esta catedral é un singular monumento que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular de dous bens incorporados á lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago, do que é meta e obxectivo final da peregrinación.

O Camiño de Santiago constitúe dende o punto de vista cultural un dos elementos máis destacados do patrimonio español, europeo e mundial que encontra a súa fundamentación histórica na tradición que sitúa ao final deste camiño a tumba do Apóstolo Santiago no edículo que deu orixe ao nacemento da catedral compostelá. Interese e valor cultural que transcende o meramente relixioso, pois fundamenta e axuda a construír o concepto cultural europeo, xa que durante séculos foi un eixe fundamental de comunicación e integración entre os países do norte e centro de Europa e o noroeste da Península Ibérica, converténdose nun espazo de intercambio cultural e no primeiro itinerario cultural europeo.

A Catedral de Santiago de Compostela conta dende o ano 2009 cun Plan Director do Conxunto Catedralicio aprobado por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 9 de marzo de 2009. Este documento prevé e desenvolve un programa de actuacións dirixidas á conservación, restauración e posta en valor do conxunto catedralicio.

O Plan Director do Conxunto Catedralicio inclúe un plan de actuacións programadas e un listado de estudos complementarios que é necesario desenvolver e executar para garantir a correcta e necesaria conservación das fábricas do monumento, a funcionalidade e significación dos seus espazos, os usos culturais que alberga e a súa posta en valor para garantir a súa axeitada preservación e transmisión ás xeracións vindeiras. As actuacións propostas no devandito Plan Director clasificábanse como actuacións prioritarias, secundarias e de remate.

Dende o ano 2009, o Cabido Catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago, a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado e o Consorcio de Santiago veñen promovendo e desenvolvendo un programa dirixido a atender e realizar as actuacións máis necesarias e urxentes daquelas que se prevían no documento do Plan Director, tendo alcanzado neste momento un alto grado de execución.

Descrición das intervencións propostas:



1. Intervención e mantemento na Capela de San Pedro da Catedral de Santiago.

O ámbito deste intervención é unha das capelas absidiais da xirola da catedral. A súa cúpula conta cun conxunto mural do século XVI adicado a san Pedro que da nome a este espazo.

2. Restauración do Sepulcro Renacentista de Diego de Castela da Capela de San Bartolomeu da Catedral de Santiago.

O ámbito de actuación circunscríbese ao monumento funerario de Diego de Castela, maestrescuela da catedral e bisneto do rei Pedro I de Castela, falecido en 1521. O elemento está situado na capela de san Bartolomeu, o primeiro absidiolo medieval lateral esquerdo (setentrional) do deambulatorio da Catedral de Santiago, e está encaixado na fábrica pétreo románica orixinal.

No século XVI a capela cambiou a súa dedicación a san Bartolomeu cando o cóengo Rodríguez Sotomayor fundou en 1515 cinco capelanías na súa honra. Anos despois foi enterrado na entrada desta mesma capela. Ao longo do tempo os muros orixinais da capela mantivéronse case inalterados. Exteriormente, ten unha forma semicircular, mentres que o seu interior presenta un perfil poligonal, cuberto por unha bóveda. Tres xanelas abucinadas permiten a entrada de luz.

3. Intervención dos elementos decorativos policromados de pedra na Cúpula da Capela do Cristo de Burgos da Catedral de Santiago.

A capela do Cristo de Burgos está acaroadada á fachada norte da nave maior ocupando o espazo que separa a catedral do pazo episcopal. A bóveda desta capela datada no s. XVII, atribúese a Melchor de Velasco, ten elementos decorativos policromados.

Quinto: A xustificación das intervencións poden resumirse en:

1. Intervención e mantemento na Capela de San Pedro da Catedral de Santiago.

A pintura ten afeccións de humidades, a día hoxe resoltas coa obra das cubertas. Estas afeccións son sobre todo migracións de sales con veos brancos e presenza de biocolonización que poñen en risco a conservación do conxunto mural restaurado no ano 1999.

2. Restauración do sepulcro renacentista de Diego de Castela da capela de san Bartolomeu da catedral de Santiago.

O sepulcro, obra do mestre flamenco Arnau, é un dos mellores monumentos funerarios da catedral. Está realizado en pedra branda de Coimbra, que permite un tallado fino e detallado, visible nas vestiduras e a mitra do defunto.

O sepulcro presenta fisuración e rotura dalgunhas pezas situadas na parte superior e no interior do arcosolio e un desprazamento xeral de todo o conxunto na súa parte central, o

que indica claramente que estivo sometido a unha tensión excesiva para as súas características mecánicas.

O muro no que se inseriu o sepulcro formaba parte do peche orixinal da fachada do absidiolo, pero coa ampliación da capela da Concepción ou da Prima este muro estréitase ao retallarse polo seu trasdós e deixa de ser un cerramento exterior. Ao mesmo tempo a nova bóveda desta ampliación descansa en parte sobre a bóveda medieval da capela de san Bartolomeu e tamén se retallaron as pilastras circulares románicas de ambos os lados sobre as que descansaba o arco de acceso á capela, deixando unicamente o capitel inserido no muro.

Nun punto da fábrica pétreo no que se produce unha concentración de tensións excesiva, sobre todo na superficie muraria, picouse granito para substituílo por pezas de pedra calcaria, un tipo de pedra idónea para un traballo escultórico preciso, pero moito máis branda e por tanto menos resistente. Esta solución provocou que estas pezas centrais superiores fracturasen e o conxunto se desprazase trasladando a deformación e as roturas ata as pezas que revisten o nicho do arcosolio.

3. Intervención dos elementos decorativos policromados de pedra na cúpula da capela do Cristo de Burgos da catedral de Santiago.

A patoloxía dos elementos decorativos policromados da capela está baseada en:

- presenza de sales solubles e biocolonización
- acumulación de po, teas de araña e sucidade adherida sobre a superficie pétreo e policromía
- intervencións posteriores sobre a policromía e dourados na zona da clave e muros da lanterna
- presenza de morteiros de diferente orixe e características en xuntas e reconstrucións volumétricas
- levantamentos de policromía e preparación.

Sexto: É necesario establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Arquidiocese de Santiago de Compostela para desenvolver as seguintes actuacións: Intervención e mantemento na Capela de San Pedro da Catedral de Santiago (1), Restauración do sepulcro renacentista de Diego de Castela da capela de san Bartolomeu da catedral de Santiago (2), Intervención dos elementos decorativos policromados de pedra na cúpula da capela do Cristo de Burgos da catedral de Santiago (3), obxecto deste convenio, sendo as partes coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural e máis neste caso particular, pola relevancia social e importancia deste monumento e polo interese sobresaínte do inmovible que lle outorga a súa longa historia e o seu valor cultural por ter a consideración de ben de interese cultural.

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Arquidiocese de Santiago de Compostela para



desenvolver as obras: Intervención e mantemento na Capela de San Pedro da Catedral de Santiago (1), Restauración do sepulcro renacentista de Diego de Castela da capela de san Bartolomeu da catedral de Santiago (2), Intervención dos elementos decorativos policromados de pedra na cúpula da capela do Cristo de Burgos da catedral de Santiago (3).

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrència pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos elementos obxecto da intervención á que se refire este convenio pon en grave risco a conservación dos elementos construtivos, estruturais e funcionais do inmovible e das decoracións e demais elementos característicos que conforman e configuran o seu valor cultural e xustifican a súa protección.

Por outra banda, a intervención obxecto do presente convenio está incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

O convenio ten por finalidade xeral garantir a adecuada conservación deste monumento co fin de manter e promover a súa funcionalidade e significación relixiosa e cultural e poñer en valor, impulsar e acrecentar a súa función cultural e manter e desenvolver, de forma sostible, os recursos e potencialidades que posúen os valores culturais do monumento.

Segunda: achega económica.

Nestas actuacións vanse executar as obras precisas:

1. Intervención e mantemento na Capela de San Pedro da Catedral de Santiago.

Actuacións propostas:

Os traballos previstos son os seguintes, tamén para definir o proxecto da intervención:

- Implementación dos medios auxiliares incluso protección do pavimento e zonas susceptibles de sufrir danos durante os traballos.
- Documentación xeral da obra: fotografías de alta calidade, recollida de documentación fotográfica inicial e de todos os procesos.
- Realización de probas de intervención: eliminación de veos brancos e eflorescencias salinas para garantir os procedementos máis adecuados para a conservación da obra no tempo.
- Intervención de urxencia e mantemento:
- Eliminación de biocolonización da ventá e derrame, revisión de cristais da vidreira.
- Eliminación de biocolonización da superficie pintada vinculada a eflorescencias salinas.
- Fixación da policromía desprendida.
- Limpeza dos revestimentos pictóricos, eliminación de capas de sucidade, velos e eflorescencias.
- Eliminación de morteiros agretados e en mal estado.
- Colocación de morteiros de cal natural en pasta e area entonados en masa para reintegración de posibles faltas volumétricas.
- Elaboración de informe final e plan de mantemento.

Resumo dos orzamentos das obras.

A estimación do orzamento total da actuación é de 19.202,70 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

Documentación xeral da obra.....	1.000,00 €
Realización de probas de intervención.....	1.500,00 €
Intervención de urxencia e mantemento.....	12.520,00 €
Elaboración informe final e plan de mantemento.....	850,00 €
Presuposto sen IVE.....	15.870,00 €
IVE 21%.....	3.332,70 €
Orzamento total.....	19.202,70 €

2. Restauración do sepulcro renacentista de Diego de Castela da capela de san Bartolomeu da catedral de Santiago.

Actuacións propostas:

Partindo da hipótese de funcionamento estrutural descrita, compatible cos movementos e danos observados no elemento, propónse desmontar unha parte do retablo coas medidas de seguridade e os apeos correspondentes da fábrica e dispoñer un bastidor metálico a modo de marco oculto que se adapte ao despece deste. Esta disposición do bastidor permite contar con pletinas que irán ancoradas ás xuntas dos sillares do muro traseiro orixinal de granito, e outras perpendiculares coincidentes coas xuntas dos sillares do elemento. Podemos desta forma conformar parte dos perfís en L ou en T para que melloren a inercia e por tanto o comportamento estrutural do novo armazón sen interferir na consolidación e a montaxe final do elemento patrimonial.

- Labores específicos de restauración.

- análise, documentación e elaboración de datos
- estudo da superficie pétreo con posibles restos de policromías
- desmontaxe parcial: siglado e identificación
- limpeza superficial
- fixación de restos de policromías
- eliminación de morteiros de reparación e de cemento
- eliminación de colonias biolóxicas
- control de sales solubles
- consolidación puntual de superficies disgregadas
- limpeza química da pedra
- limpeza da policromía
- tratamentos de consolidación estrutural
- reposición de fragmentos caídos ou desmontados e cosido de pezas desprendidas
- restauración de pequenos volumes perdidos
- rexuntado de bloques e sillares con morteiro de cal hidráulico
- elaboración de memoria final e plan de mantemento.

Resumo dos orzamentos das obras.

A estimación do orzamento total da obra é de 104.899,40 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

Apeos/medios auxiliares.....	14.482,33 €
Reforzo, reparación estrutural.....	15.337,45 €
Análise, documentación, datos.....	7.068,84 €
Traballos antes do desmontaxe parcial.....	7.085,24 €
Desmontaxe, traslado, acopio e remontaxe.....	6.754,04 €
Traballos a realizar tras o remonte.....	20.182,45 €
Seguridade e saúde.....	657,57 €
Xestión de residuos.....	1.265,95 €
Total execución material.....	72.851,87 €
Gastos xerais 13%.....	9.470,74 €
Beneficio industrial 6%.....	4.371,11 €
Presuposto sen IVE.....	86.693,72 €
IVE 21%.....	18.205,68 €
Orzamento total da obra.....	104.899,40 €

3. Restauración da bóveda policromada da capela do Cristo de Burgos da catedral de Santiago.

Actuacións propostas:

- Documentación fotográfica.
- Documentación gráfica de sistemas construtivos, antigas intervencións, patoloxías, marcas, inscricións e grafites históricos.
- Estudo da superficie de pedra con restos de policromía mediante microscopio estereoscópico (Zeiss OPMI plus 15X) para identificar a presenza de diferentes policromías.
- Limpeza superficial mediante aspiración, retirada de morteiros soltos mediante elementos mecánicos con cepillos suaves, espátulas e aspirado de detritus.
- Fixación da policromía mediante probas con cola de esturión e cola de coello.
- Eliminación de morteiros de cemento de forma manual, nunca con instrumentos de percusión ou panca. Os morteiros de maior dureza, eliminaranse mediante vibroincisor, microcincel ou torno de dentista.
- Eliminación de colonias biolóxicas mediante alcohol etílico absoluto e cepillado suave.
- Eliminación de sales solubles en seco mediante suaves cepillados e aspirado, incluso proxección a baixa presión con microabrasivos tipo pedra pómez, cáscara de noz, etc.
- Consolidación puntual de superficies disgregadas, mediante consolidante elixido tras ensaios previos.
- Limpeza química da pedra con sistemas xelificados e cepillado con auga e alcohol (50:50), citrato de triamonio ao 3 % en auga e alcohol etílico. Nas zonas sen policromía, empregarase AGARART como vehículo de aplicación do citrato de amonio.
- Limpeza química da policromía tras a realización de probas previas con sistemas químicos xelificados para controlar a súa penetración na policromía e na pedra.
- Selado de gretas e fisuras mediante morteiros fluídos de cal hidráulico natural NHL 2 e 3,5 e posterior rexuntado con morteiro de cal hidráulico natural e áridos ou pigmentos naturais de granulometría fina.
- Cosido de pezas desprendidas mediante cosido con varas corrugadas de fibra de vidro ou titanio e resina epoxi.
- Restauración de pequenos volumes mediante probas de textura e cor con morteiro, ata conseguir a textura e cor da pedra calcaria portuguesa.
- Rexuntado de sillares mediante aplicación de morteiro con paletín, realizando probas previas de textura e cor con cal hidráulico natural NHL 2.



- Redacción de memoria final.

Resumo dos orzamentos das obras.

A estimación do orzamento total da actuación é de 22.324,50 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

Documentación fotográfica.....	950,00 €
Elaboración documentación gráfica.....	1.500,00 €
Limpeza superficial.-.....	750,00 €
Fixación restos policromía.....	3.000,00 €
Eliminación morteiros de reparación e de cemento.....	500,00 €
Eliminación da colonización biolóxica.....	900,00 €
Control da presenza de sales na pedra.....	900,00 €
Consolidación puntual do soporte pétreo.....	400,00 €
Limpeza química da pedra.....	3.000,00 €
Limpeza química da policromía.....	4.500,00 €
Peche de gretas, fisuras e colocación morteiro.....	950,00 €
Elaboración informe final e plan mantemento.....	1.100,00 €
Presuposto sen IVE.....	18.450,00 €
IVE 21 %.....	3.874,50 €
Orzamento total da obra.....	22.324,50 €

ACHEGAS DA Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude:

O resumo dos orzamentos estimados é o seguinte:

ACTUACIÓNS	IMPORTE (i/IVE)
Intervención e mantemento na capela de san Pedro	19.202,70 €
Restauración do sepulcro renacentista de Diego de Castela da capela de san Bartolomeu	104.899,40 €
Intervención dos elementos decorativos policromados de pedra na cúpula da capela do Cristo de Burgos	22.324,50 €
TOTAL ORZAMENTO	146.426,60 €

As achegas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non poderán superar, en ningún caso, o importe a subvencionar de 146.4265,60 €. Este importe máximo da subvención inclúe o custo dos presuposto de contrata da restauración incluído o 21% correspondente ao IVE segundo o tipo impositivo vixente. No caso da obra inclúe o custo dos presuposto de contrata calculado a partir do presuposto de execución material destas incrementado polos seguintes coeficientes considerados como máximos: 13% de gastos xerais e 6% de beneficio industrial e o 21% correspondente ao IVE segundo o tipo impositivo vixente e a previsión dun posible incremento pola certificación final das obras realmente executadas como resultado da súa medición final sempre que non supere o 10% do prezo de adxudicación destas.

En calquera caso, a achega máxima da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude será de 146.426,60 €, sendo a cargo do beneficiario calquera importe que supere a cantidade citada.

En todo caso consideraranse gastos subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia, que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

A totalidade do importe achegado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural será con cargo á aplicación **13.04.433A.781.1 (Código de Proxecto 2015 00349)**

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Terceira: obrigas do beneficiario.

A Arquidiocese de Santiago estará obrigada a:

Contratar as empresas especializadas e os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.

Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.

Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e ao resto das administracións competentes, os informes, as autorizacións e licenzas preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.

O beneficiario consinte expresamente na inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.

O beneficiario deberá presentar certificación acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia e do resto das partes, como entidades colaboradoras e en especial no cartel no que se dea información das intervencións. É dicir, no cartel de

obra/restauración aparecerá tanto a imaxe institucional da Xunta de Galicia coma o importe económico que achega esta entidade.

Contratar e promover a execución das obras conforme ao proxecto de intervención redactado con este obxecto, que deberá contar coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), e conforme ás determinacións e cautelas a prol da salvagarda do patrimonio cultural que conteña a resolución pola que se autorizan as obras.

Contratar ás persoas competentes que se vaian encargar da dirección facultativa das obras (dirección de obra, dirección de execución material das obras e coordinación de seguridade e saúde).

Comunicar á DXPC a data de inicio e recepción das obras/restauracións para comprobar a adecuada xustificación da subvención aos efectos do previsto no art. 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Xustificar, en tempo e forma, de acordo coa forma indicada no convenio, os gastos realizados ao abeiro do mesmo.

Enviar á DXPC, unha vez finalizadas as intervencións, as memorias finais das intervencións nas que se documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en todas e cada unha das fases das obras e para todas as disciplinas aplicadas, conforme determina o artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Cuarta: comisión paritaria.

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: xustificación dos investimentos.

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia, que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Consideraranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada dende o 1 de xaneiro do 2025 ata a data límite de vixencia do convenio.

Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

Para a percepción das axudas concedidas será necesario presentar ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da documentación que a seguir se relaciona.

Documentación que ten que presentar o beneficiario:

- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria, que conterà:

- a) Unha certificación de obra asinada pola dirección facultativa das obras e a empresa adjudicataria, na que figure a conformidade da entidade beneficiaria, e no seu caso unha relación clasificada de gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como anexo I.

- b) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, tiña solicitado o beneficiario.

- As facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

- Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento, por medios bancarios, das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán xuntar unha relación delas.

- Declaración responsable expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria, comprensiva das axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade que a concede, a data e o importe total concedido, segundo o modelo que se xunta como anexo II.

- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (anexo III).

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo de presentación será o día 30 de novembro de 2025.

Pagamento da subvención: o pagamento do importe previsto realizarase logo de comprobar a xustificación presentada e a execución da porcentaxe da obra (en base ao custe) que se corresponda ca contía total da axuda. No caso de non chegar ao porcentaxe fixado, o pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Pagamentos a conta: A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá realizar pagamentos a conta que responderán ao ritmo de execución das obras subvencionadas. O importe do pagamento a conta calcularase en aplicación da porcentaxe que supón a súa achega, sen que se poida superar a contía máxima prevista. A contía restante, aboarase cando se xustifique a porcentaxe de obra realizado que equivale á totalidade do importe aportado, segundo o establecido no parágrafo anterior.

A Arquidiocese de Santiago deberá presentar igualmente cando remate a totalidade da obra, a documentación xustificativa da realización da totalidade da obra. O pago do importe total da contía prevista en cada ano non será considerado pago a conta.

Os pagamentos a conta que realice a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non poderán superar o 80% do importe total subvencionado para cada ano, debéndose reservar o 20% restante para derradeira xustificación anual a aportar xunto coa documentación correspondente á finalización da porcentaxe de obra correspondente.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que o beneficiario/a está obrigado/a á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos a conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, ás entidades non lucrativas.

Sexta: Facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non asume máis obriga que a de transferir as cantidades previstas na cláusula segunda do presente convenio.

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Sétima: Período de vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

Previo informe favorable da Comisión de Seguimento poderán propoñerse e solicitarse prórrogas do período de vixencia deste convenio debéndose tramitar a oportuna addenda ao mesmo.

Admitiríanse xustificacións de pagos realizados desde o 1 de xaneiro de 2025.

Poderanse presentar xustificacións de pagos realizados ao longo do ano.

Oitava: Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados

das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena: Outras obrigas do beneficiario.

A Arquidiocese de Santiago queda obrigada a:

- a) Non alterar o destino da achega.
- b) Realizar as correspondentes execucións segundo os documentos técnicos para desenvolver as diferentes actuacións expostas con anterioridade.
- c) Admitir as inspeccións e os controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- d) Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- e) Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.
- f) O beneficiario deberá dar cumprimento aos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Décima: Subcontratación e reintegro.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira: Réxime xurídico.



En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda: Publicidade do convenio.

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicarse á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo terceira: Modificación e rescisión do acordo.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan. E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado no lugar e na data expresados.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e na data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

O Bispo da Arquidiocese de Santiago

D. José López Campos

D. Francisco José Prieto Fernández



ANEXO I

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS

D/Dña _____
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA

Que os gastos que de seguido se relacionan, teñen relación directa co convenio de
colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para

Acredor	Nº fra.	Data fra.	Importe	Data pago
Suma dos investimentos				

Lugar e data

Sinatura



ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dona _____
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a seguinte actuación _____,
a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a
continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

Organismos	Ano	Importe (€)	Disposición reguladora

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

Organismos	Ano	Importe (€)	Disposición reguladora

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, _____, de _____ de 2025.



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dña _____,
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

IBAN (2 díxitos)

Entidade: (4 díxitos)

Sucursal: (4 díxitos)

Díxito de control: (2 díxitos)

Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)